

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns


Nº100/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de xaneiro/ Estado de rebaixas

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Por fin un grupo, neste caso o BNG fai como propia unha pregunta ao Parlamento Galego sobre o Faro. **Páx. 1**

O nº 100 de ONSTOPUS dividireino en dúas partes ao longo deste mes de xaneiro para que as noticias non perdan actualidade.



Xorden máis libros e artigos sobre Ons. **Páx. 3**



As subvencións á Area de Influencia do Parque: un copia e pega anual. As illas non importan. **Páx. 2**



Por que desaparecen os percebes de Ons. **Páx. 3**



Asistencia sanitaria no Parque Nacional durante os veráns de 2025/26. **Páx. 4**



**A Capela de Canexol.** Necesaria restauración. Campá doada por Lino J. Pazos Pérez, daquela, Vicepresidente de PineirÓns. **Páx. 5**



PineirÓns, fai entrega dunha colección da revista AUNIOS á biblioteca de Bueu. **Páx. 4**

**Breves:**  
-Ons na Memoria (Páx.5)  
-O Faro de Ons (Páx. 6)

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de decembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

Procedementos de información  
Preguntas de iniciativa popular

Asignación, cualificación e publicación do acordo

- 14513 (12/PDC-000012) (12/POC-002356)

Pregunta de iniciativa popular sobre a previsión da Xunta de Galicia sobre futuros usos para o faro da lila de Ons  
BOPG n.º 120, do 22.11.2024

A Mesa toma coñecemento do escrito de Paulo Ríos Santomé e outros (doc. núm. 14962) polo que solicita asumir como propia e converter en pregunta con resposta oral en Comisión (12/POC-002356) a pregunta de iniciativa popular doc. núm. 14513 (12/PDC-000012), e acorda:

- 1.º) Asignar a pregunta ao deputado.
- 2.º) Cualifícala como pregunta con resposta con pregunta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.
- 3.º) Publicar o acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.
- 4.º) Comunicar o acordo aos promotores da iniciativa.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2024

María Elena  
Candia López,  
Vicepresidenta 1ª  
María Elena Candia López  
Vicepresidenta 1ª

Adrián Ferrer Reboiras

Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López, Vicepresidenta 1ª na data 05/12/2024 9:17:35

Escrito o 19/12/2024

## PREGUNTA AO PARLAMENTO GALEGO SOBRE O USO FUTURO DO FARO DE ONS

Por fin!!! Un deputado, do BNG, toma como propia a pregunta que leva facendo un veciño de Ons sobre o uso que pensan darlle ao Faro de Ons no intre en que quede, como o de Sálvora, sen fareiros e totalmente automatizado, dende hai máis dun ano.

Sen meterme, como intento sempre, en partidismos, hai que agradecer que un deputado, neste caso do BNG, se faga eco dunha pregunta que vai ter unha importante repercusión en curto prazo sobre un espazo que, dende diferentes eidos culturais, están pedindo que se reconverta nun Museo sobre os Faros, Fareiros e Naufraxios, contando cunha Biblioteca e Espazo para Investigación.

Non acabamos de entender o por que, despois de varios intentos, nin PSOE nin PP, sobre todo os que dirixen a zona do Morrazo, non se pronuncien a propósito deste tema, collendo como propia a pregunta do veciño, cando saben perfectamente o problema polo que están a pasar estes edificios no intre en que as Autoridades Portuarias automatizan e deixan sen persoal estes Faros.

Teño que recoñecer, como así llo fixen chegar ao veciño que fai a pregunta, que a resposta que van dar dende a Xunta vai ser igual que a <escapada> que deu a Autoridade Portuaria de Marín e ría de Pontevedra, que sen dar resposta ao que se lle pregunta, fala da necesidade do funcionamento do Faro e que aínda hai fareiros que, de cando en vez, pasan a súa quenda en Ons; pero do seu futuro a curto, medio e longo prazo, non din absolutamente nada.

Cando estas cousas pasan, as persoas que coñecen a problemática e cun mínimo de espírito crítico, comezan a cavilar, e a cabeza se lles vai cara a todo tipo de posibilidades, sobre todo especulativas ou de favoritismo cara aos amigos.

Eu espero que isto non ocorra en Ons, e que un grupo multidisciplinar, encargado pola Autoridade Portuaria e escoitando o clamor popular sobre o seu futuro, realice un Estudo Exhaustivo das posibilidades que pode ofrecer o Faro de Ons como Espazo Cultural.

A este respecto, estamos á espera da **OPINIÓN** dos responsables das **Consellerías de M. Ambiente e Cultura** e do **Parque Nacional** que, teoricamente, serían os que deberían facerse cargo deste edificio (Faro de Ons) como Espazo Cultural.



## FARO DE SÁLVORA

24/12/2024

Hoxe recibo esta nova, saída no Correo Galego, edición Ribeira, sobre o Faro de Sálvora. Ao lela, quedei abraiado, sobre todo ao ver as fotos, pois paréceme imposible que uns profesionais como os Técnicos de Sinais Marítimos poidan vivir nesas condicións sen poñelo en coñecemento dos seus superiores. Miren a nova: <https://www.elcorreogallego.es/barbanza-muros-noia/2024/12/23/regreso-pasado-faro-salvora-112815300.html>

Despois de lela, consulteino e dende diferentes eidos, déronme tamén diferentes versións, aínda que todas ían cara a que, esas fotos pertencen a uns espazos do Faro que levaban anos sen utilizar e que os fareiros vivían noutras dependencias.

Pero, aínda así, unha Autoridade Portuaria pode ter así un Faro?

Pois unha gran maioría das persoas que leron esa noticia, coidaron que, se non se toman medidas, así acabará o Faro de Ons en pouco tempo.

Esperemos que só sexan cavilacións positivas para que iso non pase.

Foto: el Correo Gallego. Barbanza-Muros-Noia. Suso Souto.

## SAEN AS SUBVENIÓNS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**  
*ORDE do 28 de novembro de 2024 pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para o ano 2025 (código de procedemento M T821A).*

De novo este ano saen publicadas estas axudas dende a Consellería de M. Ambiente e, tamén de novo, volvo a reivindicar o mal funcionamento da Xunta de Galicia (Consellería de M.A.) con respecto ás subvencións nos puntos: 3º Persoas físicas e 4º Institucións sen fin de lucro, aínda que tamén se podería obxectar noutros puntos da convocatoria, pois, se o importante destas AXUDAS é patrocinar a persoas e asociacións cuxos PROXECTOS beneficien ao Parque o ideal,

se verdadeiramente a Xunta de Galicia busca o mellor para o Parque, é que estea aberta a convocatoria (polo menos neses puntos) a todas a persoas físicas e asociacións a nivel, como mínimo, provincial (Coruña e Pontevedra por ser as provincias que abarcan ás illas que compoñen o único Parque Nacional galego), ideal a toda a Comunidade Autónoma de Galicia e, ata se queremos darlle un maior ámbito para favorecer proxectos que redunden no Parque, a toda España.

**Un exemplo:** *Se unha agrupación ou un bo profesional ou investigador, de Cangas, quere presentar un proxecto para as Cíes que, despois de valoralo, sería importantísimo para este arquipélago dentro do Parque Nacional, as CABEZAS PENSANTES da Consellería ou do Parque, íano desbotar, porque Cangas non está dentro da Área de Influencia Socioeconómica do Parque Nacional de Galicia. Así é como funciona a Xunta de Galicia?*

O que menos lles importa é o Parque Nacional, pois se así fose, buscarían incentivar con esas axudas, aqueles proxectos que vaian redundar no propio Parque. Que DESASTRE de xestión da Consellería de Medio Ambiente e do Parque Nacional, pois levamos, dende que saíron as primeiras convocatorias, informando e dando suxestións sobre estes fallos de convocatoria. Pero nada fixeron. Cada ano un COPIA e PEGA, e así comprobamos, con estes pequenos detalles, como funciona este Goberno Galego; como será en cousas máis importantes?

Outro xeito de funcionar sería, que: *Que neses dous puntos o concurso estivera aberto e, se dous proxectos obteñen unha puntuación igual, se lle dea un punto a maiores, se un deles, quen o presenta (persoa ou asociación) está censado nun dos concellos cuxa illa pertence ao Parque Nacional.*

Pero, pasan o anos e a cousa segue igual. Haberá logo que esperar a un cambio de goberno na Xunta (pois cambiaron conselleiros/as e directoras/es xerais de Patrimonio Natural nestas lexislaturas e, como di a canción, a vida/cousa/convocatoria, segue igual).

Tamén, dende que saíron estas convocatorias (e moito antes por outros temas) pedimos que, dende as administracións (Consellerías xestoras e concello de Bueu) e tamén dende a Asociación Veciñal de Ons, se fixera un Estudo Exhaustivo do Urbanismo auniense, tanto dende o punto de vista arquitectónico como familiar e económico, para coñecer de primeira man as necesidades verdadeiras de cada vivenda e familia propietaria.


Dubidamos que se fixera, aínda que tanto uns como outros din que si, pero, ata o de agora non o demostraron, pois, coa saída destas convocatorias e outras paralelas e cos mesmos obxectivos (agora, segundo a Xunta, vai saír unha sobre o *Fermosismo*), cunha mínima AXUDA destes organismos, con competencias en Ons, outra fasquía tería a que foi considerada: ***A mellor Arquitectura Popular Mariñeira conservada de Galicia, a finais da década de 1970, e iso que a administración xa a alterara a finais da década de 1960 coa construción do Centro Cívico.***

Pois ben, de novo para esta convocatoria, volvemos a pedir á Consellería de M.A., á súa D. Xeral de Patrimonio Natural, á Dirección do Parque Nacional, ao Concello de Bueu e a AA.VV da Illa de Ons que, cos Estudos sobre Urbanismo e socio-económico dos veciños que, supoñemos teñen, **O ANTES POSIBLE**, teñan unha reunión cos veciños para **EXPLICAR** as axudas. **PRESENTEN** as súas suxestións segundo as necesidades que obtiveron das súas investigacións sobre urbanismo-sociedade auniense. **EXPLIQUEN** aos veciños a importancia de seguir mantendo esa Arquitectura Popular. **AXUDEN** informándolles sobre como solicitalas. ... E un etc. máis amplo.

De non facelo, será outro fracaso máis da Política da Xunta de Galicia e de todos os que teñen algo que ver coa Illa de Ons e a súa Comunidade.

E, por poñer un par de puntos máis sobre este asunto. Coidamos que é moi importante, no que deron en chamar **TRANSPARENCIA** dentro da Administración, o saber, con nomes e apelidos e o seu currículo segundo a especialidade a valorar, quen son os encargados/as de **AVALIAR** os proxectos que se presentan a estas convocatorias de Subvencións, pois, pensamos que debería ser un equipo multidisciplinar con especialistas en: bioloxía, economía, arquitectura, arqueoloxía, etnografía, turismo,....

E, como tamén levamos pedindo, que os Proxectos que ao final sexan subvencionados, **TODOS**, posteriormente, sexan presentados publicamente para dalos a coñecer.





**QUE PASA COS PERCEBES DE ONS?**  
 Esta foto, que no seu momento nos facilitou Alvarito, sobre a poxa dos percebes recollidos antes do Nadal na Agoeira, nas Cíes, e que, segundo datos da confraría de Cangas, ese lote da imaxe estivo valorado en 54.000 €, faínos pensar no valor económico que ten esta especie para os profesionais que, nunha época sinalada do ano, acoden a esta posta para a súa recolleita.  
 Logo preguntamos, que pasa no importante caladoiro que sempre foi a Illa de Ons con respecto a este crustáceo?  
 Pensamos que ten que ser un punto necesario de investigación por parte da confraría de Bueu e da Consellería de Pesca, porque, por algo ten que ser. Ao igual que o estado das rochas, de case todo o litoral de Ons, que están sen vida mariña.



**ONS NA MEMORIA**  
 Aqueles tempos en que Ons había abundancia de percebe e daba de comer a moitas familias grazas á súa regularización.

IAA  
 MASCOTAS DE OBRAS (CLAS) | FANO DE VIGO | Sociedad | 37

**Dos mil años de Plinio el Viejo**

Irremedio Roldán, Escorial, S.A.

Se abren que o 1990 Plinio o escritor romano Plinio el Viejo, nacido en el año 23 d. C. y que vivió hasta el año 79 d. C. de manera que a los 46 años, cuando acabó de escribir el libro de la historia natural, obra de treinta y siete libros, que cumplaba el cometido que los romanos de la época tenían en sus vidas: la memoria de la historia de su patria y de su época.

Fue senador, procurador en Hispania, almirante de la flota romana en el Tirreno y autor de una «Historia Natural» con 37 libros que abarcan casi todas las materias. Tras la llegada de la imprenta, la obra de Plinio se editó en Venecia en 1469 y se mantuvo como fuente privilegiada de información sobre Roma hasta el s. XVIII.

En el libro se trata de la historia natural de la zona de Ons, que visitó después de leer o escrito «Dalias» de Miriam Ferradáns. Di del: «...ese gran desconocido para o visitante máis envaucado polas praias ou visitar o Buraco do Inferno, pero, pola contra, este é o lugar que garda realmente a historia da Illa...»

**ARTIGO E LIBRO**

Interesante artigo, saído no Faro de Vigo, sobre <Plinio el Viejo>, que hai 2000 anos nomeou como AUNIOS á Illa de Ons.

Despois de descuberto o importante xacemento romano do barrio de Canexol, en Ons, e de saber que habitaron no Castro dos Mouros, coidamos que os veciños de Ons, que hoxe habitan a Aunios de Plinio, deberían chamarse «aunienses» polo que, para o ano 2025, imos a solicitar que a palabra do ano en Galicia sexa <AUNIENSE>.

No libro «As horas mortas» de Emma Pedreira, fala do camposanto da Illa de Ons, que visitou despois de ler o escrito «Dalias» de Miriam Ferradáns. Di del: «...ese gran desconocido para o visitante máis envaucado polas praias ou visitar o Buraco do Inferno, pero, pola contra, este é o lugar que garda realmente a historia da Illa...»

Houbo un tempo, finais da década de 1970 e ata, case, finais da de 1980, que en Ons, durante o verán, había un médico ou ATS contratado por Cultura para atender, nun primeiro termo, aos rapaces do campamento e aos mozos do Campo de Tralaballo, aínda que non tiñan ningún inconveniente en asegurar o benestar dos veciños e visitantes que se achegaban á Illa.

Este servizo que ofrecía Cultura, permitía que tanto veciños como visitantes, tiveran a quen acudir en caso dalgún accidente, contratempo ou malestar. Posteriormente, e xa coa Xunta encargada dos Campamentos, este servizo comezou a non atender a veciños e visitantes agás causas moi graves, desaparecendo cando a Xunta deixou de administrar estes Campamentos deixándoo en mans privadas, principios da década de 1990.

A partires de aí, aínda que moitísimo antes solicitabamos á administración que houbera un Servizo Sanitario durante o verán en Ons, comezou unha loita por conseguir este servizo (só hai que consultar hemeroteca) enviando escritos á administración, por medio da prensa e denunciando constantemente calquera accidente ocorrido en Ons sen presenza de sanitarios. Esta loita levouna a Asociación Veciñal “Illa de Ons”, algúns colectivos e eu persoalmente.

Durante case 20 anos, non se regularizou este servizo. Houbo reténs esporádicos, protección civil,..., pero nunca un servizo sanitario regular, e iso que o número de visitantes aumentaba anualmente, as casas veciñais estaban cheas no verán, os problemas xurdían un día si e outro tamén, e por solicitalo, que non fose.

Coa chegada do Parque Nacional, e tamén despois de moito solicitalo, comezou a regularizarse este Servizo tan imprescindible, pero só facíao entre a chegada do primeiro barco e a saída do último, quedando Ons toda a noite, sobre 12 horas, sen ter a quen acudir en caso dalgunha incidencia que só un profesional ía a solucionar dun xeito satisfactorio. De todos os xeitos, tanto veciños como visitantes **AGRADECIMOS** a Parques que houbera esa asistencia durante 10-12 horas, aínda que verán tras verán, demostrabamos a necesidade de que fose **PERMANENTE** (día e noite).

De novo temos que dar os nosos **PARABÉNS** aos xestores do Parque porque, dende hai 4-5 anos ese Servizo Sanitario esta cuberto todo o día dende mediados de xuño ata mediados de setembro, incluíndo a Semana Santa.

É por iso que o anunciado pola Xunta de que vai destinar case 200.000 € ao servizo sanitario nas illas do Parque hai que agradecerlo. <https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/008684/xunta-destina-mas-190-000-garantizar-servicio-asistencia-sanitaria-parque-nacional>

Só hai que esperar que as cláusulas do contrato se cumpran ao completo, que non pase como o Servizo do Lixo contratado para Ons hai dous anos a unha empresa, onde algunhas das cláusulas non se cumpriron.



Fotos. *Esquerda*: Tendas do Campo de Tralaballo. *Centro*: Tendas do Campamento xuvenil. *Dereita*: Caseta de Primeiro auxilios no ano 2020.

### Entrega da colección completa (do 0 ao 29) da revista cultural AUNIOS á Biblioteca do Concello de Bueu. (9/01/2025)

**Concello de Bueu**  
11 min · 🌐

Dende a Asociación PineirOns fixeron unha doazón de todo o fondo das revistas Aunios, que a partir de agora estarán a disposición de todas as persoas que as queiran ler e consultar.

Tino Pardellas, presidente do colectivo, fíxolle entrega ao bibliotecario municipal e 🙏 dende aquí queremos agradecerlle o seu xesto para que a nosa biblioteca sigan contando con propostas sobre a historia e a cultura local.



Un dos obxectivos de PineirÓns era facer chegar, ao maior número posible de persoas, a revista cultural **AUNIOS**, que contén un mínimo do 50% de artigos relacionados coa historia, etnografía, arquitectura,..., e da cultura popular da **Illa de Ons**. O outro 50 ou 40% está dedicado á cultura dos pobos da contorna desta engaiolante illa, pechados a súa maioría, entre a bisbarra do Morrazo e do Barbanza. Levalo a bo porto non era tarefa doada, pero puxeron todo o seu empeño en conseguilo, e así foi, que o maior gasto económico, despois do de imprenta, foi e é o de distribución.

Esta faise en man e por correo postal. Podemos dicir que chega a todas as bibliotecas, museos, arquivos, deputacións,..., organismos oficiais, universidades,..., máis importantes de Galicia. Tamén a centros de ensino, asociacións, centro culturais,..., que nolas solicitan. E ata chegou a un bo número de Centros Galegos de España, Europa e América.

Pero, aínda así, moitas veces as entregamos ou deixamos no lugar elixido, pero despois non chega a onde debería, por iso, en ocasións tivemos que estar repoñendo números que faltaban ou coleccións enteiras. Non é o caso de Bueu, pois xa dispoñían dunha colección completa no Arquivo, pero coidamos que tamén debería estar na súa renovada biblioteca municipal.

Esta asociación, na súa páxina de Facebook, publicou o seguinte:

## Asociación para a defensa do Patrimonio Cultural Galego

osSrndotpe0fttgfflhf72 1iun8601850512mm30m9a135a290ha5c21c7 ·

### CAPELA DA ILLA DE ONS

Os veciños da illa alertan do “grave deterioro” da histórica capela, datada en 1848

A estrutura do tellado, de madeira, está afectada por insectos xilófagos. Hai filtracións de auga ao interior e o retablo presenta varias gretas

<https://www.farodevigo.es/.../vecinos-ons-alertan-grave...>

Facéndose eco da petición veciñal, que realizaron o pasado verán, sobre o gravísimo deterioro que esta a sufrir esta capela, cousa que puidemos comprobar o día da Festa de San Xaquín no acto que tivo lugar no Camposanto, a carón da capela, onde tamén estaba o cura de Bueu-Beluso, e do que xa dimos conta en varios números de Onstopus.

Cando cheguei a Ons a mediados da década de 1970, o estado da capela de Canexol era de pena. Aínda que mantiña malamente o tellado, o interior estaba en completa ruína.

Como sempre deben facer as persoas comprometidas con algo, neste caso o patrimonio, solicitei/amos en numerosas ocasións o seu arranxo, enviando escritos aos organismos dos que dependía Ons. Tamén, como sempre ocorre, deron a calada por resposta, e así estivo ata que, a principios de década de 1990, volvemos a insistir, apoiando á Asociación de Veciños “Illa de Ons” nesa reivindicación de Arranxo da Capela de Canexol. De novo non se conseguiu nada e a propia Asociación reúne aos veciños e, entre todos, apoian economicamente, unha mínima restauración, do tellado sobre todo, e do seu interior. A capela queda, provisionalmente, arranxada.

Nese verán a misa da Festa de San Xaquín, celébrase na capela e para iso son levadas as imaxes a ela.

Comentar que, despois do arranxo, a Asociación Cultural “PineirÓns” doou, por medio do seu Vicepresidente, daquela, Lino J. Pazos Pérez (historiador naval) a campá que está no seu pequeno campanario.

Como xa comentamos en varios Onstopus, APOIAMOS a reivindicación da actual Asociación Veciñal para que dende algún organismo, se tomen en serio o arranxo da deteriorada capela, pois de non facelo agora e se un temporal tira o tellado, o custo despois será máis elevado.

Coido que os veciños, que teñen alí soterrados aos seus antepasados, que tanto loitaron pola Illa, xunto co cura de Bueu-Beluso, deberían elevar o ton das súas reivindicacións, para non perder este Patrimonio que está a velar polos seus devanceiros.



### Fotos:

Esquerda: Interior da capela de Canexol a principios da década de 1980

Centro: A capela de Canexol restaurada a mediados da década de 1990

Dereita: Estado da capela de Canexol en 2024



### ONS NA MEMORIA

Aqueles imponentes barcos de madeira, gañados a pulso polos intrépidos mariñeiros aunienses, o día da Festa de San Xaquín, cando sacaban a navegar ás imaxes na metade da procesión.

Logo, o poliéster fíxoos desaparecer.

# FARO de ONS

## *Unha Estrela na Ría de Pontevedra*

Con forza, agarimo e ganas  
sigo alumando e protexendo  
a contorna que me encargaron.  
Ese é o meu traballo.  
Pero de esguello,  
observo o meu interior;  
non podo facer máis,  
que observalo impasíbel.  
Sei, que o meu coidador,  
cando está, aténdeme e protéxeme,  
pero, aínda así,  
paso longos días  
na máis triste soidade,  
co medo que un temporal,  
provoque algunha enfermidade  
no meu, polo de agora,  
bo estado interior.

Alguén buscará remedio  
a tanta angustia, inquietude,...,  
e ao meu futuro?

